

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

[A instalación deste equipamento precisa da execución de obras de acondicionamento nas que a Xunta inviste preto de 400.000 euros](#)

A XUNTA LICITA POR 1,4 MILLÓNS DE EUROS A NOVA RESONANCIA MAGNÉTICA DO HOSPITAL MÉDICO CIRÚRXICO DE CONXO

- No seu conxunto, esta actuación de mellora na Área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza suporá un investimento de 1.859.470 euros
- O novo equipamento permitirá mellorar os diagnósticos e o seguimento dos pacientes oncolóxicos, así como os estudos e imaxes vinculadas ao músculo esquelético
- Está previsto que o novo equipamento estea instalado no hospital antes de que remate o ano

Santiago de Compostela, 22 de maio de 2024.- O Servizo Galego de Saúde publica hoxe no [portal de contratación da Xunta](#) a licitación, por importe de 1.476.200 euros, para o subministro dunha resonancia magnética 1,5T con destino ao Hospital Médico Cirúrxico de Conxo, na área sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza.

A nova resonancia sitúase dentro da banda tecnolóxica avanzada, ao contar cunha intensidade de campo de 1,5 teslas e ao estar dotada con ferramentas avanzadas que permitirán realizar uns estudos e imaxes con maior rapidez e resolución.

O equipo, malia que se empregará para todo tipo de exploracións rutineiras dos pacientes da área sanitaria de Santiago e Barbanza, centrarase no diagnóstico e seguimento dos pacientes oncolóxicos, así como nas exploracións vinculadas ao músculo esquelético.

A compra deste equipamento precisará da execución dunha serie de obras para acondicionar o espazo no que se instalará, nas que a Xunta investirá 383.270 euros. No seu conxunto, a actuación de mellora suporá un investimento 1.859.470 euros.

A Xunta segue a avanzar no plan de renovación e modernización do equipamento nos centros sanitarios co obxectivo de optimizar a calidade asistencial que o Servizo Galego de Saúde lle ofrece á poboación galega. A previsión é que o novo equipamento estea instalado no hospital antes de que remate o ano.

Estímase que o número de estudos anuais que se poderán facer con esta nova resonancia magnética superará a cifra das 5.000 ao ano, posibilitando incrementar as probas anuais nun 20%, en comparación co equipamento que posúe actualmente o Hospital de Conxo.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Saúdos do Gabinete de Comunicación da Consellería de Sanidade

GABINETE DE COMUNICACIÓN DA CONSELLERÍA DE SANIDADE
Edificio Administrativo de San Lázaro - 15703
Santiago de Compostela
T. 881542715
prensa@sergas.es
www.sergas.es

